

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 15 de maio de 2014, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento


A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 21744 (09/POC-003098)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a opinión da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas respecto da renovación da autorización ambiental integrada á empresa Xilo Galicia, S.A., en maio de 2013, o seu estado actual e a comprobación do cumprimento da resolución do expediente sancionador incoado no ano 2011, así como a situación administrativa en que se atopan os incoados a esa empresa no ano 2013
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 269, do 09.04.2014
- 1.2 21783 (09/POC-003104)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a existencia dalgunha negociación entre a Xunta de Galicia e as empresas concesionarias das autovías para o incremento do canon que lles paga a Administración galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 269, do 09.04.2014

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 8069 (09/PNC-000678)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Fernández, Raúl e Gallego Calvar, María Carmen
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para acadar que as tarifas dos servizos ferroviarios que establece Renfe se calculen en función dos quilómetros realmente percorridos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 28.05.2013
- 2.2 16956 (09/PNC-001376)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Martínez García, María Consuelo
Sobre a restauración hidrolóxica e forestal no río Quiroga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 224, do 17.01.2014



- 2.3 17535 (09/PNC-001439)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración de servizo público do transporte marítimo de viaxeiros na ría de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 230, do 04.02.2014
- 2.4 20737 (09/PNC-001638)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sánchez Bugallo, José Antonio e 4 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación na que se atopa o Concello de Miño como consecuencia das sentenzas xudiciais referidas aos acordos adoptados en materia urbanística
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 257, do 20.03.2014
- 2.5 21379 (09/PNC-001693)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Martínez García, María Consuelo e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa autorización polo Concello de Santiago de Compostela de obras de carácter particular no solo do parque público de Galeras, dentro dunha zona protexida
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 266, do 03.04.2014

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2014

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/05/2014 12:25:54